

**Á Mesa da Comisión 7.ª,
Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras (10/PNC-003237, doc. núm. 40138)

Emenda de modificación

Débese substituír na parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

Onde di: "...produtivas agrarias e gandeiras, para o cal aprobará neste ano un documento xeral..." debe dicir: "...produtivas agrarias e gandeiras, para o cal se aprobará no primeiro trimestre de 2019 un documento xeral...".

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 20/12/2018 14:13:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/12/2018 14:13:26



**Á Mesa da Comisión 7.ª,
Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Raúl Fernández Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a rehabilitación e traspaso ao Concello da titularidade do Centro Comarcal e da antiga Casa do Pobo, do Carballiño (10/PNC-003272, doc. núm. 40502)

Emenda de modificación

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a retomar as negociacións co Concello de O Carballiño sobre o Centro Comarcal, titularidade da Xunta de Galicia, hoxe deteriorado e en situación de semiabandono, para poñelo en valor e convertelo nun centro real de dinamización local e comarcal.”

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 20/12/2018 14:13:37



Xoaquín María Fernández Leiceaga na data **20/12/2018 14:13:43**



Á Mesa da Comisión 7^a

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a consolidación e desenvolvemento pola Xunta de Galicia de todas as medidas de apoio necesarias para incentivar a contratación dos seguros agrarios (doc. núm. 40055).

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa onde di: "... de inclusión en todos os sectores produtivos galegos.", debe decir: "... de inclusión e adaptándoos á realidade da estrutura produtiva e da propiedade do sector primario de Galicia."

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Pérez Seco na data 20/12/2018 13:23:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/12/2018 13:23:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, con número de rexistro **40055 (10/PNC-003225)**, sobre a consolidación e desenvolvimento pola Xunta de Galicia de todas as medidas de apoio necesarias para incentivar a contratación dos seguros agrarios, que figura na orde do día da Comisión 7ª, prevista para o vindeiro 21 de decembro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a :

-Establecer unha mesa de negociación entre representantes dos diferentes sectores agrogandeiros susceptibles de subscribir seguros agrarios con compañías aseguradoras que subsciran tales seguros para chegaren a acordos que adecúen as pólizas á realidade agroeconómica de Galiza.

-Non sacar axudas que bonifiquen tales pólizas mentres estas non se axeiten á citada realidade.

-Que una vez acadados estes obxectivos a Xunta de Galiza consolide e desenvolva cantas medidas de apoio sexan precisas para incentivar a contratación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de seguros agrarios, co obxectivo de avanzar no proceso de inclusión en todos os sectores produtivos galegos”.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/12/2018 17:44:16

Ana Pontón Mondelo na data 20/12/2018 17:44:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea, con número de rexistro **40502 (10/PNC-003272)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a rehabilitación e traspaso ao Concello da titularidade do Centro Comarcal e da antiga Casa do Pobo, do Carballiño, que figura na orde do día da Comisión 7^a, prevista para o vindeiro 21 de decembro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Traspasar a titularidade do Centro Comarcal ao Concello de O Carballiño xunto co compromiso formal de acometer una rehabilitación básica para o uso que a Corporación Municipal teña a ben darrle.

-Dilucidar a propiedade actual da antiga Casa do Pobo para que sexa rehabilitada e poder así darrle un uso social municipal.”

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018.

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/12/2018 17:47:07

Ana Pontón Mondelo na data 20/12/2018 17:47:13





A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista galego **10/PNC-003056 (38150)**, sobre a oferta do Goberno galego aos novos gandeiros e gandeiras incorporados á actividade de cría de ovino e cabrún da totalidade dos módulos de teleformación que completan as horas esixidas na orde de axudas do segundo piar da política agraria común, destinada ás zonas con limitacións naturais, así como a creación dunha escola de pastores e pastoras de ovino e cabrún que regule a formación e capacite para o desenvolvemento dese tipo de actividades

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a estudar a posibilidade de crear unha Escola de capacitación de Pastores de ovino e cabrún no ano 2019, como se fai noutras comunidades autónomas como Extremadura, Aragón ou Valencia, que regule a formación para o futuro Desenvolvemento das actividades dos nosos gandeiros/as de ovino e cabrún coa implicación do sector aproveitando as redes de centros de formación e investigación da Axencia Galega de Calidade Alimentaria”

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2018 17:56:30
Nº Rexistro: 41961
Data envio: 20/12/2018 17:56:30.146

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/12/2018 17:48:03

Daniel Vega Pérez na data 20/12/2018 17:48:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

